

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 07-01-2025, ditou a resolución con número 14/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Percusión.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 3761/2024, do 20/12/2024, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Percusión.

Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 246 do 23/12/2024. De conformidade co disposto na base sexta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 31/12/2024.

Segundo.- Durante o prazo de presentación de solicitudes achegáronse as seguintes solicitudes:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	NUM. REXISTRO	DATA
1	DEL VALLE PRIETO	PABLO	***5428**	202499900007243	30/12/2024
2	MARTÍN SÁNCHEZ	MARÍA	***2349**	202499900007229	27/12/2024
3	SANCHÍS ORTOLA	SERGIO	***0936**	202499900007256	31/12/2024
4	SANDE CASAL	SERGIO	***2229**	202499900007249	30/12/2024

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido na Base Sétima da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), e de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Percusión.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	Idioma Exame
1	DEL VALLE PRIETO	PABLO	***5428**	SI	Galego
2	MARTÍN SÁNCHEZ	MARÍA	***2349**	NON*	Castelán
3	SANCHIS ORTOLA	SERGIO	***0936**	NON*	Galego
4	SANDE CASAL	SERGIO	***2229**	SI	Galego

*Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel Celga 4.

Excluídos/as: Non hai.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Oitava da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: D^a. **Carmen del Río Rodríguez**
Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **Susana Mariño Lorenzo**
Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.

Vogal 1:

Titular: D. **José Miguel Castro Pérez**
Profesor de Percusión do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Suplente: D. **Francisco Manuel Vecino Mosquera**
Músico de Percusión da Banda Municipal do Concello de A Coruña.

Vogal 2:

Titular: D. **Mario Seoane Blanco**
Profesor de Composición do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Suplente: D^a. **María de la Paz Pita Vázquez**
Profesora de Composición do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Vogal 3:

Titular: D. **Manuel Rosende Sanjurjo**
Profesor de Piano e Acordeón do CMUS de Culleredo.

Suplente: D. **Constantino Javier Bardanca Castro**
Profesor de Trompeta do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

Secretaria:

Titular: D^a. **Marina Nuñez Orjales**
Secretaria Xeral do Concello de Carballo

Suplente: D^a. **Lorena Rey Paulos**
Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Carballo.

De acordo coa Base Oitava da convocatoria nomear como asesora do Tribunal, que actuará con voz e sen voto, a D^a. **María Carme Pereiro Felipez**, Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Carballo, para a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Oitava da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva e de **baremación de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **xoves 9 de xaneiro do 2025 ás 9.30 horas** na Sala de Xuntas sita na planta 2^a da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Quinto.- Convocar aos aspirantes para a realización dos **exercicios prácticos da fase de oposición** o **xoves 9 de xaneiro do 2025 ás 11.30 horas** no Pazo da Cultura do Concello de Carballo (Rúa do Pan, s/n, Carballo).

Sexto.- Convocar aos aspirantes que teñan que realizar a **proba de coñecemento da lingua galega** o **xoves 9 de xaneiro do 2025 ás 14.00 horas** no Pazo da Cultura do Concello de Carballo (Rúa do Pan, s/n, Carballo).

Sétimo.- Publicar esta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales